



NOTA DE PRENSA

O COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA (COBGA) DENUNCIA A DISCRIMINACIÓN DA NOSA TITULACIÓN NA OFERTA DE PRAZAS DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA O COÑECIDO COMO BIR (BIÓLOGO INTERNO RESIDENTE).

Santiago, 15 de decembro de 2020.- O pasado 4 de decembro publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) a convocatoria correspondente, as prazas de acceso a Formación Sanitaria Especializada o coñecido como BIR (Biólogo Interno Residente).

Ás disciplinas do diagnóstico clínico como análises clínicas, bioquímica clínica, inmunoloxía e microbioloxía e parasitoloxía ofértanse de xeito independente as titulacións de Medicina, Farmacia, Bioloxía e Química, pese a ser formativamente idénticas.

Observamos, para o noso gran asombro, que aínda que aumentou a oferta de prazas de formación de diagnóstico clínico en case 90 prazas, as que poden ocupar os nosos colexiados diminuíron, a pesar do protagonismo que tiveron e seguen tendo os biólogos nesta pandemia; porque sanitarios e en primeira liña de combate non só estiveron médicos e enfermeiros, senón tamén outros licenciados/graos sanitarios e mesmo titulados aínda non recoñecidos neste ámbito que co seu traballo puxeron o seu granito de area contribuíndo a un fiable e rápido diagnóstico da Covid-19 e ao desenvolvemento de vacinas e solucións terapéuticas.

A modo de exemplo, en Galicia, nos últimos 12 anos as prazas ofertadas nos laboratorios hospitalarios á titulación de medicina foron case o dobre das ofertadas aos biólogos, sendo a proporción na actual convocatoria do 2021 de 6 a 1.

Dende o Consejo General de Colegios de Biólogos (CGCOB) se ten remitido un escrito ao Ministerio de Sanidad, solicitando se corrixa esta discriminación. Pola nosa parte dende o COBGA temos enviado un escrito similar ao Conselleiro de Sanidade para que se dirixa aos servizos correspondentes para que “se realice unha repartición equitativa e razoable, na petición de prazas, en canto a titulacións e profesións se refire”.

O COBGA insiste en reclamar un reparto equitativo das prazas de Formación Sanitaria Especializada, que permita aos biólogos/as seguir loitando contra a presente pandemia dende o ámbito do diagnóstico e a investigación hospitalaria.

Banquete de Conxo, 6

Apdo. 1130 15780 Santiago de Compostela tel.981 531 440 fax 981 534 225

info@biologosdegalicia.org www.biologosdegalicia.org